



NON PASA NADA, PASA ALGO?

PROGRAMA 1º ESO

XUSTIFICACIÓN:

O desenvolvemento deste programa xustifícase polas necesidades detectadas respecto aos patróns de consumo de drogas observados na poboación xuvenil.

Segundo os datos recollidos polo Observatorio de Galicia sobre Drogas, na nosa comunidade, a maior parte dos/das adolescentes iníciase no consumo de sustancias psicoactivas entre os 14 e os 16 anos, no caso do alcohol e o tabaco, e entre os 15 e 17 anos no do cannabis e a cocaína.

A existencia de consumo de drogas entre o alumnado supón unha preocupación para o profesorado debido as disrupcións que provocan na aula. Por iso, a comunidade educativa demanda a posta en marcha de actuacións conxuntas entre os centros educativos e profesionais externos co fin de mellorar a situación e que abranguen aspectos legislativos, educativos, preventivos e asistenciais. Para dar resposta a esta necesidade o Concello de Vigo, en convenio coa Xunta de Galicia, pon en marcha un programa de prevención selectiva destinado ao alumnado da ESO en situación de risco denominado "Non pasa nada, ¿pasa algo?".

OBXECTIVOS:

A finalidade do programa é evitar o desenvolvemento e consolidación de consumos problemáticos de drogas, reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados co consumo e/ou abuso de drogas e promover a adopción de estilos de vida saudables entre os/as adolescentes que están vinculados ao sistema educativo.

Obxectivos específicos do programa:

- Reducir os consumos experimentais de cannabis e outras drogas ilegais entre os beneficiarios do programa.
- Reducir a porcentaxe de consumidores habituais (consumo diario de alcohol e tabaco e nos últimos 30 días para as restantes drogas).
- Reducir o consumo abusivo de alcohol.
- Fortalecer a integración do alumnado con condutas de risco no sistema educativo.
- Reducir a presenza de condutas disruptivas nas aulas relacionadas co consumo de drogas por parte do alumnado.

DESTINATARIOS:

A poboación destinataria é o alumnado de 1º ESO dos centros escolares.

METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase nas aulas dos centros escolares, en formato de obradoiro.

DURACIÓN:

4 sesións de 50 a 60 minutos cada unha.

CONTIDOS:

1ª Sesión: Habilidades sociais.

2ª Sesión: Alcohol e cannabis.

3ª Sesión: Redes sociais e privacidade. Videoxogos.

4ª Sesión: Toma de decisións.